

ASISA VIDA TRANQUILIDAD

**NOTA INFORMATIVA  
PREVIA PARA O SEGURO  
ASISA VIDA TRANQUILIDADE**

**asisa** +  
**vida**



### 1. Denominación social da empresa contratante e forma xurídica. Enderezo social.

ASISA VIDA SEGUROS, S.A.U.  
c/ Juan Ignacio Luca de Tena, 12. 28027, Madrid - ESPAÑA

### 2. Nome do produto.

**Asisa Vida Tranquilidade.**

### 3. Tipo de seguro.

Seguro de Vida na modalidade Temporal Anual Renovable (TAR).

### 4. Garantías aseguradas.

Este produto incorpora as seguintes garantías co alcance establecido nas Condicións Xerais, cuxa contía será a contratada en cada caso e que se recollerán nas Condicións Particulares.

#### 4.1 Garantía obrigatoria.

- Capital en caso de **falecemento por calquera causa**: garantirase un capital en caso de falecemento do asegurado.

#### 4.2 Garantía optativas.

- Capital en caso de **falecemento por accidente**: garantirase un capital igual ao da garantía obrigatoria en caso de que o asegurado faleza a consecuencia dun accidente orixinado por unha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado. Non se considera accidente o infarto agudo de miocardio.
- Capital en caso de **falecemento por accidente de circulación**: pagamento dun capital igual ao da garantía obrigatoria en caso de que o accidente sexa de circulación.
- Capital en caso de **incapacidade permanente e absoluta por calquera causa**: garantirase un capital igual ao da garantía obrigatoria en caso de que o asegurado alcance unha situación física irreversible, provocada por accidente ou enfermidade, orixinados independentemente da súa vontade e que determine a súa total ineptitude para calquera relación laboral ou actividade profesional.
- Capital en caso de **incapacidade permanente e absoluta por accidente**: garantirase un capital igual ao da garantía obrigatoria en caso de que o asegurado alcance unha situación física irreversible, provocada por accidente orixinado por unha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado e que determine a súa total ineptitude para calquera relación laboral ou actividade. Non se considera accidente o infarto agudo de miocardio.
- Capital en caso de **incapacidade absoluta e permanente por accidente de circulación**: pagamento dun capital igual ao da garantía obrigatoria en caso de que o accidente sexa de circulación.

#### 4.3 Riscos excluídos.

Quedan excluídos da cobertura e, polo tanto, non reportarán indemnización algunha, os seguintes sinistros:

- O suicidio durante o primeiro ano de vixencia da póliza.
- Os ocorridos durante a práctica dos deportes seguintes: boxeo, loita, artes marciais, espeleoloxía, submarinismo, alpinismo, escalada, ala delta, voo en avións ultralixeiros, paracaidismo, parapente ou calquera outro de similar perigo.
- Os ocorridos como consecuencia de accidentes ou enfermidades orixinadas con anterioridade á entrada en vigor da póliza.
- Os ocorridos como consecuencia de actos delituosos do asegurado.
- Os sinistros acaecidos como consecuencia de riscos extraordinarios que estean amparados polo Consorcio de Compensación de Seguros (ver as cláusulas de cobertura de riscos extraordinarios).

**Nas garantías opcionais estarán tamén excluídos:**

- A incapacidade ou accidente como consecuencia de sinistros causados voluntariamente polo asegurado.
- A incapacidade ou accidente que sobreveñan ao asegurado por embriaguez ou uso de estupefacientes non prescritos medicamente, somnambulismo ou loucura, en rifa ou desafío, sempre que neste último caso non actuase en lexítima defensa ou en tentativa de salvamento de persoas ou bens.
- A incapacidade ou accidente que sexan froito de cegueira, xordeira ou outro defecto físico non declarado.
- A incapacidade ou accidente derivado da participación do asegurado nas competicións de velocidade, resistencia, carreiras de calquera natureza como profesional, os seus adestramentos e ensaios preparatorios.
- As incapacidades ou accidentes producidos polas manipulacións de electricidade en correntes de alta tensión

**5. Condicións, prazos e vencementos das primas.**

**5.1 Cuestións xerais.**

A tarifa deste produto está establecida en función da idade actuarial do asegurado. Este criterio manterase nas sucesivas renovacións.

A idade mínima para poder contratar é de 18 anos; a idade máxima de entrada, 64 anos, e o límite de idade de permanencia, 75 anos para a garantía obrigatoria, e 67 para as complementarias.

As pólizas e primas son anuais, se ben a entidade facilitará o pagamento en recibos semestrais, trimestrais e mensuais, sobre os que non se establecen recargas.

**5.2 Límites do capital contratado.**

No presente seguro establécense os seguintes límites para o capital contratado:

- Garantía obrigatoria falecemento por calquera causa: o capital debe estar comprendido entre 18 000 € e 510 000 €.
- Garantías optativas: mesmo capital que o contratado para a garantía obrigatoria.
- Se se contrata a garantía opcional de falecemento ou incapacidade permanente absoluta (IPA) por accidente, o capital máximo a contratar na garantía principal será de 250 000 €.
- Se se contrata a garantía opcional de falecemento ou incapacidade permanente absoluta (IPA) por accidente de circulación, o capital máximo a contratar na garantía principal será de 180 000 €.

### 5.3 Evolución anual da prima.

A tarifa deste produto está establecida por idades.

En cada período de prórroga a prima corresponderá á determinada pola entidade en función da idade que a asegurada teña na data de renovación.

As primas netas anuais por cada 1000 € de capital asegurado son as seguintes:

Idade	Falecemento	Falecemento por accidente	Falecemento por accidente de circulación	IPA	IPA por accidente	IPA por accidente de circulación
18	0,44225	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
19	0,45387	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
20	0,46371	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
21	0,47721	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
22	0,48899	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
23	0,50044	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
24	0,50929	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
25	0,50793	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
26	0,49499	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
27	0,48098	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
28	0,46354	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
29	0,44816	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
30	0,43415	0,45938	0,52500	0,24806	0,45938	0,52500
31	0,43353	0,45938	0,52500	0,24806	0,45938	0,52500
32	0,44145	0,45938	0,52500	0,24806	0,45938	0,52500
33	0,46433	0,45938	0,52500	0,24806	0,45938	0,52500
34	0,50267	0,45938	0,52500	0,24806	0,45938	0,52500
35	0,55894	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
36	0,63170	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
37	0,71038	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
38	0,79231	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
39	0,89100	0,45938	0,52500	0,27563	0,45938	0,52500
40	0,99479	0,45938	0,52500	0,33075	0,45938	0,52500
41	1,11551	0,45938	0,52500	0,37209	0,45938	0,52500
42	1,24394	0,45938	0,52500	0,41344	0,45938	0,52500
43	1,38556	0,45938	0,52500	0,48234	0,45938	0,52500
44	1,53030	0,45938	0,52500	0,55125	0,45938	0,52500
45	1,67990	0,45938	0,52500	0,59259	0,45938	0,52500
46	1,84508	0,45938	0,52500	0,66150	0,45938	0,52500
47	2,03002	0,45938	0,52500	0,71663	0,45938	0,52500
48	2,24399	0,45938	0,52500	0,75797	0,45938	0,52500
49	2,48016	0,45938	0,52500	0,82688	0,45938	0,52500
50	2,74690	0,45938	0,52500	0,92334	0,45938	0,52500

NOTA INFORMATIVA PREVIA PARA O SEGURO ASISA VIDA TRANQUILIDADE

Idade	Falecemento	Falecemento por accidente	Falecemento por accidente de circulación	IPA	IPA por accidente	IPA por accidente de circulación
51	3,05203	0,45938	0,52500	0,96469	0,45938	0,52500
52	3,38987	0,45938	0,52500	1,03359	0,45938	0,52500
53	3,69043	0,45938	0,52500	1,10250	0,45938	0,52500
54	4,01955	0,45938	0,52500	1,24031	0,45938	0,52500
55	4,35652	0,45938	0,52500	1,37813	0,45938	0,52500
56	4,72497	0,45938	0,52500	1,68269	0,45938	0,52500
57	5,09225	0,45938	0,52500	1,83428	0,45938	0,52500
58	5,43926	0,45938	0,52500	2,00104	0,45938	0,52500
59	5,78924	0,45938	0,52500	2,16779	0,45938	0,52500
60	6,11018	0,45938	0,52500	2,38002	0,45938	0,52500
61	6,40784	0,45938	0,52500	2,59225	0,45938	0,52500
62	6,70081	0,45938	0,52500	2,83480	0,45938	0,52500
63	7,08369	0,45938	0,52500	3,09251	0,45938	0,52500
64	7,44239	0,45938	0,52500	3,38054	0,45938	0,52500
65	7,91164	0,45938	0,52500	3,71680	0,45938	0,52500
66	8,72358	0,45938	0,52500	4,08890	0,45938	0,52500
67	9,72781	0,45938	0,52500	4,49682	0,45938	0,52500
68	10,90605					
69	12,22468					
70	13,86675					
71	15,72108					
72	17,74720					
73	20,86126					
74	24,89190					
75	29,78006					

\* En marrón aquelas idades nas que non se comercializa este produto.

Non se prevén variacións na tarifa anterior; porén, en caso de que se produzan, comunicaranse ao tomador conforme á lexislación vixente.

#### 5.4 Renovacións.

O seguro estipúlase polo período de tempo previsto nas Condicións Particulares da Póliza e ao seu vencemento, de conformidade co artigo 22 da Lei de Contrato de Seguro, prorrogarase por períodos non superiores a un ano. Porén, calquera das partes poderá opoñerse á prórroga mediante notificación escrita á outra, efectuada con polo menos un mes de antelación á conclusión do período do seguro en curso cando quen se opoña á prórroga sexa o tomador, e de dous meses cando sexa o asegurador. O asegurador deberá comunicar ao tomador, polo menos con dous meses de antelación á conclusión do período en curso, calquera modificación do contrato de seguro.

Igualmente, o contrato de seguro quedará extinguido en caso de falecemento ou invalidez permanente absoluta do asegurado.

### 5.5 Resolución unilateral.

Posibles causas de resolución

- O tomador do seguro terá a facultade de resolver o contrato dentro dos trinta días seguintes á data en que ASISA VIDA SEGUROS lle entregue a póliza ou un documento de cobertura provisional solicitando por escrito a anulación da mesma e, por tanto, a devolución das primas pagadas ata ese momento, tendo ASISA VIDA SEGUROS o dereito a deducir de tal importe a prima correspondente ao período en que o contrato tivese vixencia.
- Se por culpa do tomador non se pagou a primeira prima, ASISA VIDA SEGUROS terá dereito a resolver o contrato ou a esixir o pagamento da prima debida en vía executiva con base na póliza. Salvo pacto en contrario, se a prima non se pagou antes de que se produza o sinistro, ASISA VIDA SEGUROS queda liberada da súa obrigaón.
- En caso de falta de pagamento dunha das primas seguintes, a cobertura quedará suspendida un mes despois do día do seu vencemento. Se ASISA VIDA SEGUROS non reclama o pagamento dentro dos seis meses seguintes ao vencemento da prima, entenderase que o contrato queda extinguido.

### 5.6 Valores garantidos.

Esta modalidade de seguro carece de valores de rescate, redución e anticipos.

### 6. Tributos repercutibles.

Na actualidade, as recargas que xiran sobre estes seguros son as seguintes:

- Recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros destinado a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras (antiga CLEA). Esta recarga está establecida no 1,5 ‰ da prima, excluindo a parte da garantía principal de falecemento por calquera causa.
- Recarga para o Consorcio de Compensación de Seguros para cubrir os riscos extraordinarios de danos sobre as persoas, que ascende ao 0,003 ‰ do capital asegurado.
- Imposto de Primas de Seguros (IPS) establecido nun 8 % sobre a prima, excluindo a parte da garantía principal de falecemento por calquera causa.

As modificacións de tributos que poidan xurdir no futuro aplicaranse na forma que se estableza regulamentariamente.

### 7. Instancias de reclamación.

Existen dúas instancias consecutivas de reclamación ante a entidade:

1. Dirección Xeral de ASISA VIDA SEGUROS: As persoas lexitimadas poderán formular reclamación por vía interna ante a Dirección Xeral de ASISA VIDA, para o que teñen á súa disposición nas oficinas da entidade as correspondentes follas de reclamación.
2. Servizo de Atención ao Cliente (SAC) do Grupo ASISA. En caso de desconformidade coa resolución da Dirección Xeral de ASISA VIDA, as persoas con lexitimación poden dirixir a súa reclamación mediante escrito dirixido ao Servizo de Atención ao Cliente do Grupo ASISA (SAC) por correo ordinario (C/ Juan Ignacio Luca de Tena, 12 - 28027 Madrid), por correo electrónico (sac@asisa.es), por fax (91.595.75.50) ou solicitando nas oficinas de ASISA o impreso de reclamación ante o SAC.
3. En caso de desacordo coa resolución do S.A.C., o interesado poderá interpoñer reclamación ante o Servizo de Reclamacións da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

### 8. Lexislación aplicable.

O seguro obxecto desta nota informativa réxese polas seguintes disposicións legais:

- Lei 50/80, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro
- Lei 20/2015, de 14 de xullo, de Ordenación, Supervisión e Solvencia das Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras.

- R.D. 1060/2015, de 20 de novembro, de Ordenación, Supervisión e Solvencia das Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras.
- Regulamento UE 2016/679 de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Orde ECO/734, de 11 de marzo, sobre os Departamentos e Servizos de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente das Entidades Financeiras.
- As normativas de desenvolvemento e modificacións aprobadas con posterioridade que sexan de aplicación ás anteriormente mencionadas.

Corresponde ao Estado español, a través da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones, dependente do Ministerio de Economía, o control e supervisión da actividade aseguradora.

### 9. Réxime fiscal.

O réxime fiscal aplicable ao presente contrato será o que corresponda na lexislación aplicable vixente en cada caso, en relación cos seguintes impostos:

- Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- Imposto sobre sucesións e doazóns.
- Imposto sobre o patrimonio.
- Imposto sobre sociedades.